



SERVIZO CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DE TRABALLOS PARA A ELABORACIÓN DA EDICIÓE ELECTRÓNICA DO DIARIO OFICIAL DE GALICIA

PROPOSTA E RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

ANTECEDENTES

Sistema de adxudicación: procedemento negociado sen publicidade, sen mesa de contratación e declaración de urxencia, conforme ao disposto nos artigos 169.1, 170 c), 174, 176 e 178 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)

Número de licitadores invitados: 3

Número de licitadores presentados: 1

Número de licitadores admitidos: 1

Data do informe técnico de valoración das ofertas: 6 de novembro de 2012

Data da resolución da clasificación da oferta admitida: 6 de novembro de 2012

EMPRESA	PUNTOS
1.- PRODUCCIONES MIC, S.L	100

Data do requirimento de documentación ao licitador proposto como adxudicatario: 6 de novembro de 2012

Data da presentación da documentación requirida: 12 de novembro de 2012

PROPOSTA

Á vista do informe técnico de valoración da oferta presentada e admitida nesta licitación de data do 6 de novembro de 2012, emitido polo negociador designado ao efecto para esta licitación polo órgano de contratación, que serve de base á formulación desta proposta de adxudicación, e unha vez que foi presentada a documentación requirida dentro do prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción do antedito requirimento, faise a seguinte **proposta de adxudicación:**

Primeiro: Adxudicar a contratación do servizo para a realización dos traballos de composición, maquetación, corrección e correcta publicación na web da edición electrónica do Diario Oficial de Galicia, á proposición presentada pola empresa PRODUCCIONES MIC, S.L, polo seguinte importe::

Custo fixo:

- Importe neto: 450.143,39 €
- IVE (21%): 94.530,11 €
- Total: 544.673,50 €

- Custo anual por páxina: (importe prezo unitario páxina: 3,48 € IVE incluído)

- Importe neto: 145.945,45 €
- IVE (21%): 30.648,55 €
- Total: 176.594,00 €



Secretaría Xeral Técnica

- Importe total

- Total importe neto: 596.088,85 €
- IVE (21%): 125.178,65 €
- Importe total: 721.267,50 €

Estando previsto o inicio da execución o día 1 de decembro, o importe desagregase por anualidades do seguinte xeito:

ANUALIDADE	IMPORTE NETO	IVE 21%	IMPORTE TOTAL
2012	49.674,07 €	10.431,55 €	60.105,62 €
2013	546.414,78 €	114.747,10 €	661.161,88 €
TOTAIS	596.088,85 €	125.178,65 €	721.267,50 €

Segundo: Proceder á notificación do resultado da adxudicación ao beneficiario.

En todo caso o contido da notificación deberá ter en conta o establecido no apartado 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Terceiro: Requerir, unha vez transcorridos os 15 días hábiles indicados no artigo 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao adxudicatario para que proceda á formalización do contrato. A formalización farase dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción do requirimento.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2012

A secretaria xeral técnica



Beatriz Cuiña Barja

13 NOV. 2012
 FISCALIZACIÓN PREZIA
 LIMITADA
 INTERVIDO E INTERVIDO
 (Os efectos do art. 9/2 D. L. 1/1999)
 O INTERVENTOR

Luis Vázquez Caruncho

RESOLUCIÓN: Vista a proposta presentada pola Secretaría Xeral Técnica, préstolle a miña aprobación nos seus propios termos

Santiago de Compostela,

13 NOV. 2012

O CONSELLEIRO

(Orde do 22/09/2011)

A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA



Beatriz Cuiña Barja